



Paraíso
entre ríos

PADERNE SETEMBRO 2018

INFORMACIÓN MUNICIPAL

Desde fai moitos anos, vimos presentando unha oferta de actividades, tanto para adultos como para nenos; cada ano pretendemos melloralas co fin de seguir o dando un servizo útil para tódalas persoas de Paderne sen descoidar as necesidades que se presentan en cada franxa de idade, sen descoidar os vosos gustos, tendo en conta as vosas suxerencias, intentando dinamizar as parroquias e optimizando o mellor posible tódolos recursos.

Queremos darlle un aire novo a esta oferta, ilusionarvos con ela e invitar a que tódolos veciños participen porque, ó fin e ó cabo, iso é o que fai unión e nos mantén física e mentalmente activos.

Nas actividades extraescolares preséntanse dous grupos ben diferenciados; por un lado están as de apoio escolar co fin de axudar ós nenos que necesiten un reforzo educativo e ás familias que non poidan ou non queiran asumir o gasto extra das clases particulares. Aquí incrementamos a oferta tras detectar novas necesidades nos escolares de Paderne e tamén atendendo ás solicitudes das familias.

Por outro lado, temos as actividades deportivas, que contemplan actividades no pavillón polideportivo municipal un día á semana co desenvolvemento de distintas disciplinas en función dos gustos e aptitudes dos rapaces. No exterior, contamos coa incorporación de hípica, o golf e os deportes no medio natural como o kayak, deportes de multiaventura, orientación e sendeirismo.

A educación non so consiste en estudar. Cultivar a cooperación, a adaptación ás normas de cada disciplina deportiva e o contacto coa natureza, son fundamentais para a formación dos nosos fillos, serven como válvula de escape á presión que moitas veces exerce o medio escolar e tamén serven para relacionarse e coñecer o Concello.

Coas actividades de adultos buscamos dinamizar as parroquias fomentando as relacións entre os veciños e, ó mesmo tempo, satisfacer as necesidades e gustos das persoas.



As clases de ximnasia de mantemento son parte imprescindible desta oferta; moi importantes para todos pero, moi especialmente, para as persoas maiores xa que contribúen a manter o tono muscular, a flexibilidade e, polo tanto, axudan ó voso benestar.

Retomamos as clases de memoria porque o coidado da mente é imprescindible para manter unha boa calidade de vida. Invítovos a que non lles teñades medo e participedes nelas.

A música tradicional é outra das importantes innovacións que incorporamos neste curso; clases nas que estarán integrados grandes e pequenos; impartidas por un experimentado profesor que de seguro moitos de vos coñeceredes por ter participado en varios programas da televisión.

Despois seguides tendo outras actividades que xa se viñan impartindo en anos anteriores e cubrían as necesidades de moitos veciños.

Espero que o día da presentación das actividades extraescolares e de adultos, esteades inscritos previamente ou non, asistades para coñecer esta ampla oferta e logo decidir a vosa inclusión na que mellor se adapte ás vosas necesidades e gustos.

**Traballando sempre polo benestar de todos.
O voso Alcalde**

Campanha de Doazón de Sangue

O pasado 19 de xullo un equipo móbil da Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos situouse ao carón da Casa do Concello e diante da cafetería da Asociación de Veciños de Viñas para recibir ás persoas que acudiron a doar a súa sangue. Estas doazóns contribuirán a manter a actividade sanitaria dos hospitais da nosa Comunidade e resultarán imprescindibles en procesos de transplante, certas intervencións cirúrxicas e tratamentos oncolóxicos.

Este compromiso solidario coa saúde de todos, honra ás persoas que o realizan e ás que debemos este máis que merecido recoñecemento.

Esperamos que o seu exemplo sirva para que tódalas persoas con bo estado de saúde se unan co fin de que a ninguén lle falte a sangue e os seus derivados cando as circunstancias obriguen a pasar por tratamentos que así o requiran.

O Concello agradece o xesto dos que, de maneira altruísta, contribúen o benestar e saúde dos demais.

Aulas de Conciliación

Nesta tempada de verán o Concello puxo en funcionamento as Aulas de Conciliación co fin de prestar axuda ás familias de Paderne con menores de entre 3 e 12 anos a fin de que os pais e nais poidesen conciliar a súa vida familiar e laboral prestándose este servizo do 1 de xullo ó 31 de agosto en horario de 8:30 a 14:30 horas.

Foron **24** as familias e un total de **28** menores os que se beneficiaron deste programa.

Nun dos momentos da mañá na biblioteca



Día da Familia



A actuación da charanga foi un dos atractivos do programa

Unha nova edición do Día da Familia tivo lugar este pasado 1 de setembro no campo de O Telleiro en Paderne.

Familias de tódalas parroquias acudiron a comer xuntas e a celebrar un día fermoso entre todos no que houbo actividades para grandes e pequenos, atractivos dentro e fóra da carpa que o Concello instalou para esta xornada.

Non faltaron os xogos para nenos no campo de fútbol, inchables, o toro mecánico e a festa da espuma; tampouco faltou a tradicional caza que o Concello preparou para que tódalas persoas puideran degustala de xeito gratuíto xunto con viño de Paderne así como a queimada que se serviu pola noite, ademais da música que estivo presente ó longo do día.

Unha entrañable xornada grazas á participación dos veciños que, coa súa presenza, fixeron de este un gran día para recordar.

ACTIVIDADES EXTRA ESCOLARES

Este curso 2018-2019, preséntase con moitas novidades respecto ós anos anteriores. Cambios importantes que buscan:

- Completar a formación dos rapaces de Paderne evitando ás familias o pago de clases particulares
- Enriquecer o seu ocio con actividades innovadoras
- Diversificar a oferta deportiva
- Que esta oferta sirva tamén para coñecer e descubrir a riqueza natural do Concello
- Darlles a posibilidade de que aprendan música tradicional cultivando as nosas raíces e enriquecendo a súa formación

Vanse a dividir en dous grupos ben diferenciados:

- As actividades formativas que reforcen os contidos escolares
Aquí estarían incluídas materias tales como matemáticas, lingua, lingua, idiomas e informática co manexo das novas tecnoloxías.
Faranse coincidir co curso escolar tal e como se viña realizando en anos anteriores.
Sempre diferenciando por niveis tal e como se especifica de forma detallada na páxina seguinte e incrementando esta oferta, a petición das familias, coa incorporación das clases de matemáticas para os primeiros niveis da E.S.O.
- As actividades deportivas
Novas actividades nas que figuran o golf, a equitación, os deportes na natureza e o mar, o bádminton, o patinaxe, o bolei-bol, o balonman ou o acrosport.
A periodicidade vai a variar en función da propia actividade; así, teremos actividades mensuais e semanais que tamén se comunicarán coa suficiente antelación.
O material necesario para cada unha das actividades vai incluído na mesma, agás na actividade de música

Un novo formato co que esperamos ilusionar e dar oportunidades novas a tódolos rapaces do Concello.

Actividades distintas, máis en contacto co medio natural, aproveitando as distintas opcións de ocio existentes en Paderne e así proporcionar ós rapaces do Concello momentos inesquecibles para compartir cos amigos.

Actividades Extraescolares Curso 2018 – 2019

Comezo das actividades: 15 de outubro

Actividades de reforzo educativo e formativas:

CASA DO CONCELLO				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Inglés Primaria (1º - 2º) 16:00 – 17:00 h	Inglés Primaria (3º - 4º) 16:00 – 17:00 h	Ingés E.S.O. 16:00 – 17:00 h	Inglés Primaria (5º - 6º) 16:00 – 17:00 h	Ingés E.S.O. 16:00 – 17:00 h
Matemáticas Primaria 1º-2º-3º 17:00 – 18:00 h	Ingés Infantil 17:00 – 18:00 h	Matemáticas Primaria 4º- 5º-6º 17:00 – 18:00 h	Lengua Primaria (4º- 5º - 6º) 17:00 – 18:00 h	Informática (Grupo I) 17:30 – 18:30 h
Matemáticas 1º - 2º E.S.O. 18:00 – 19:00 h	Lengua Primaria (1º - 2º - 3º) 17:00 – 18:00 h	Matemáticas 1º - 2º E.S.O. 18:00 – 19:00 h	Lingua Primaria (4º - 5º - 6º) 18:00 – 19:00 h	Informática (Grupo II) 18:30 – 19:30 h
	Lingua Primaria (1º - 2º - 3º) 18:00 – 19:00 h			
	Música (gaita- percusión-banda) 16:00 – 22:00 h			

Actividades deportivas:

- No polideportivo municipal.....Os xoves
De 16:00 – 18:00 h
Bádminton – patinaxe – bolei-bol – balonmán – acrosport
(Serán actividades dinámicas que irás practicando ó longo do curso)
- Nas instalación do Club de Golf Paderne.....Os sábados
De 10:00 – 13:00 h e de 16:00 – 18:00 h
(1 hora a elixir dentro desa franxa horaria)
Golf
Material proporcionado polo Clube de Golf Paderne
- Nas instalación da Finca Regueiral.....De luns a xoves
De 16:00 – 17:00 ou de 17:00 – 18:00 h.
Hípica
Grupos de 5 a 6 nenos nados entre o 2004 e o 2011
Grupos de 5 a 6 nenos nados entre o 2000 e o 2003
Material proporcionado pola Finca Regueiral
- Actividades ó aire libre en distintos puntos do Concello a cargo da empresa MarMar
Unha ó mes e con grupos mínimos de 10 nenos
Outubro: **sendeirismo**
Novembro: **iniciación á orientación**
Xaneiro: **multiaventura**
Marzo: **xogos populares**
Maio e xuño: **kayak**
O material será proporcionado por MarMar

O día 3 de outubro ás 20:00 h presentaranse todas as actividades na Casa do Concello. Están invitados todos os nenos de Paderne e os seus pais (inscritos ou non). Explicaremos en que van a consistir e intentaremos resolver todas as dúbidas que se vos presenten.

**CONTAMOS CON TODOS,
NON FALTEDES ESTE DÍA**

ACTIVIDADES DE ADULTOS CURSO 2018 – 2019

O Alcalde realizará a presentación das actividades o día 11 de outubro ás 20:00 h. no Salón de Sesións da Casa do Concello

PADERNE				
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Sevillanas 16:00 – 17:30	Labores 16:00-18:00	Actividades da UNED 15:30 – 19:30	Memoria 16:00 – 17:30	Pintura e Manualidades 17:00-19:00
Coiro 18:00 – 20:00	Ximnasia 19:15 – 20:00		Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Pilates 19:45 – 20:45
	Música tradicional 16:00 – 22:00		Actividades da UNED 17:00 – 21:00	Informática 19:30-20:30

ADRAGONTE		SOUTO		
MARTES	MÉRCORES	LUNS	MÉRCORES	VENRES
Manualidades 20:00-22:00	Corte e confección 20:30 - 22:30	Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Ximnasia de mantemento 20:15-21:00	Manualidades / Restauración 19:30-21:30

VELOUZÁS		VIÑAS		
MARTES	XOVES	LUNS	MÉRCORES	VENRES
Ximnasia de mantemento 18:15-19:00	Ximnasia de mantemento 18:15-19:00	Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Ximnasia de mantemento 19:15-20:00	Pilates 18:30-19:30

VILAMOUREL				QUINTAS	
LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	LUNS	MÉRCORES
Barro e cerámica 20:30 – 22:30	Ximnasia de mantemento 20:15 – 21:00	Actividade do Grupo Entroido Samede 21:00 – 22:00	Ximnasia de mantemento 20:15 – 21:00	Ximnasia de mantemento 21:15-22:00	Ximnasia de mantemento 21:15-22:00

NOVIDADES:

- **Clases de golf para adultos no Club de Golf Paderne** os domingos no seguinte horario:
De 10:00 – 14:00 h. (a elixir unha hora dentro desa franxa horaria)
- **Música tradicional os martes no salón do Centro de Maiores** no seguinte horario:
De 16:00 a 22:00 h. (Varias opcións a compartir cos rapaces)

TES ATA O 11 DE OUTUBRO PARA REALIZAR A TÚA INSCRICIÓN

Regueifas no Centro de Maiores

O próximo día 26 de outubro no Centro de Maiores do Concello terá lugar unha actuación de regueifas para tódolos socios.

O Alcalde presentará o recital que dará comezo ás **20:00 horas** e contará con dous dos máis importantes regueifeiros da zona de Bergantiños, que seguen con esta tradición de improvisación en verso tan popular tempos atrás.

Durante algo máis dunha hora achegarán un anaco da nosa cultura e historia ós alí presentes. Será un enfrontamento dialéctico no que falarán de eles mesmos, do que acontece na sala, ou de temas de actualidade. Sempre cun pouco de picaresca ou de retranca.

Os interesados deben anotarse no Centro de Maiores antes do **23 de outubro**.

Esta actuación está englobada dentro dun programa da Xunta, "Ler Conta Moito", co que se trata de dinamizar tanto a cultura escrita como a oral.

Xornada Contra a Violencia de Xénero

Será o día **26 de novembro** ás **20:00 h** no salón do Centro de Maiores da Casa do Concello.

Queremos que sexa un día de solidariedade, reivindicativo pero tamén entretido. Unha das obrigas do Concello é a de recoller os problemas que neste momento se están a dar na sociedade e loitar contra eles desde tódolos ámbitos por iso, neste día, ademais de solidarizarnos coas persoas que o están a padecer, queremos compartir tamén uns momentos distendidos ofrecéndoos unha sesión de maxia.

Participade apuntándoos ata o **23 de novembro** chamando por teléfono ás oficinas municipais.

Excursión a San Andrés de Teixido

Realizarémola o día **30 de novembro**, día de San Andrés. Ás **8:30 h** os autobuses comezarán a recoller ós asistentes polas distintas parroquias.

Iremos ata San Andrés de Teixido no seu día grande. Os que o desexen poden asistir á Misa e cumprir os rituais do Santo.

Logo comeremos en Cedeira no restaurante Badulaque e teremos tempo para, despois de comer, dar un paseo pola localidade.

O custe é de **30 €/persoa**.

As persoas interesadas poden realizar a súa inscición ata o **23 de novembro** chamando por teléfono ás oficinas municipais.